

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

*RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2014 pola que se publica o plan de estudos da titulación oficial de máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (2ª edición).*

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe positivo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Establecido o carácter oficial do título por Acordo do Consello de Ministros do 15 de abril de 2011 (publicado no BOE do 11 de maio de 2011 por Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 26 de abril de 2011).

Para os efectos do cumprimento do previsto no artigo 35.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que establecen que os reitores e as reitoras das universidades deberán ordenar a publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), neste caso, do primeiro inciso do número 5.1 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, segundo o anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de acordo co comunicado do 14 de outubro de 2008, da Subdirección Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico do Ministerio de Ciencia e Innovación, relativo á estrutura das ensinanzas, e conforme o artigo 26 do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

Esta reitoría

RESOLVE:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (2ª edición) que se recolle no anexo a esta resolución.

Vigo, 17 de marzo de 2014

Salustiano Mato de la Iglesia  
Reitor da Universidade de Vigo



ANEXO  
**Máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade  
 en Contextos Educativos (2ª edición)**

Rama de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas.

Universidade participante: Vigo.

Cadro 1. Distribución de créditos ECTS segundo o tipo de materia.

Tipo de materia	ECTS
Obrigatorias	22,5
Optativas	13,5
Prácticas externas	12
Traballo fin de máster	12
Créditos totais	60

Cadro 2. Materias, créditos e módulos do máster.

Materias	ECTS	Carácter	Módulo
Interculturalismo en Ámbitos Socioeducativos	4,5	Optativo	Interculturalismo e Educación
Interculturalismo en Ámbitos Escolares	4,5	Obrigatorio	
Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida	4,5	Optativo	
Desenvolvemento Comunitario e Compensación das Desigualdades	4,5	Optativo	Compensación das Desigualdades
Compensación das Desigualdades na Educación	4,5	Obrigatorio	
Calidade de Vida para as Persoas Maiores	4,5	Optativo	Procesos Formativos en Persoas Adultas
Educación de Adultos	4,5	Obrigatorio	
Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza	4,5	Optativo	Xénero e Educación
Xénero e Educación	4,5	Obrigatorio	
Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade	4,5	Optativo	Necesidades Educativas Especiais
Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades	4,5	Optativo	
Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas	4,5	Obrigatorio	
Prácticum	12	Obrigatorio	Prácticum
Traballo fin de máster	12	Obrigatorio	Traballo fin de máster

Para a obtención do título de máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (2ª edición), o alumnado deberá superar os 60 ECTS de que consta o máster.

